



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

## CONVOCATORIA DAS AXUDAS ESCOLARES NAS LIÑAS DE MATERIAL ESCOLAR E DE TRANSPORTE. CURSO 2015/2016

Fixado no taboleiro de edictos  
o día .....de.....de 20.....



CONCELLO DE  
PORTO DO SON

Retirado

o día .....de.....de 20.....

O/A Funcionario/a.

### 1. Convocatoria e bases reguladoras

Este decreto ten por finalidade a convocatoria en réxime de concorrencia competitiva das axudas escolares do Concello de Porto do Son. As bases reguladoras das axudas están previstas na Ordenanza pola que se establecen as bases reguladoras do outorgamento das axudas escolares do Concello de Porto do Son, publicada no BOP núm. 276, do 14.09.2012, coas modificacións publicadas no BOP núm. 174, do 12.09.2014.

### 2. Créditos orzamentarios

As axudas finanziaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.48100, cos seguintes importes máximos:

Liña de material escolar	1.500 €
Liña de transporte escolar	4.700 €

A distribución dos créditos orzamentarios entre ambas liñas de axuda ten un carácter estimativo, polo que pode ser obxecto de modificación sen que se precise dunha nova convocatoria. Unicamente requirirase que, con carácter previo á resolución de concesión, o alcalde aprobe a distribución definitiva das axudas e se publique nos mesmos medios que a convocatoria.

### 3. Obxecto das axudas

O obxecto das axudas diferénciase en dúas liñas de subvención:

- Axudas para material escolar, destinadas a financiar o custo de adquisición dos libros de texto e material escolar dos alumnos matriculados en Educación Infantil.
- Axudas para transporte escolar, destinadas a financiar os custos de desprazamento en transporte público colectivo dos alumnos matriculados nos ciclos de Ensinanza Secundaria ou en Formación Profesional que non se imparten no Concello de Porto do Son e universitarios.

### 4. Contía máxima das axudas

1) Liña de material escolar: O importe da subvención virá dado pola aplicación dunha porcentaxe ao importe total do gasto xustificado. A dita porcentaxe calcularase en función do nivel de renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL	% SUBVENCIÓN CONCEDIDA
Menos de 350€/mes ou casos valorados polos Servizos Sociais do Concello	100%
Ingresos entre 350€ e 600€/mes	50%
Ingresos superiores a 600 €/mes	0%



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

O importe da renda per cápita mensual da unidade familiar será o cociente resultante de dividir a renda mensual da unidade familiar polo número de membros desta.

A renda mensual resultará de dividir entre 12 a renda anual da unidade familiar, que á súa vez será o resultado da suma dos rendementos percibidos por cada membro da unidade familiar menos os gastos deducibles.

2) Liña de transporte escolar: O importe das axudas determinarase como un importe fixo en función da renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
Menos de 350€/mes	300 €
Ingresos superiores a 350 € ata 450 €/mes	200 €
Ingresos superiores a 450 € ata 600 €/mes	100 €
Ingresos superiores a 600 €/mes	0 €

O importe da renda per cápita mensual da unidade familiar será o cociente resultante de dividir a renda mensual da unidade familiar polo número de membros desta.

A renda mensual resultará de dividir entre 12 a renda anual da unidade familiar, que á súa vez será o resultado da suma dos rendementos percibidos por cada membro da unidade familiar menos os gastos deducibles.

Cando non se esgotase o crédito orzamentario asignado a algunha das liñas de subvencións, despois de aplicar a alteración da súa distribución, excepcionalmente e de xeito motivado, poderán outorgarse axudas, no seu importe mínimo, aos solicitantes que non cumprindo co requisito do nivel de renda per cápita mensual máxima non a superen en máis dun 10%. Neste suposto, o outorgamento das axudas efectuarase segundo o criterio de menor renda ata o esgotamento do crédito.

No caso de que a contía das axudas a outorgar superase o crédito orzamentario consignado para este fin, reducirase proporcionalmente o importe das axudas a conceder aos beneficiarios do tramo máis elevado de renda per cápita de modo proporcional. De ser preciso, efectuarase a mesma operación respecto dos beneficiarios das axudas do tramo inmediatamente inferior e así sucesivamente.

## 5. Requisitos dos beneficiarios

- 1) Teñen a condición de beneficiarios das axudas os estudiantes ou, se fosen menores de idade, os seus pais, titulares ou gardadores de feito.
- 2) Os beneficiarios das axudas deberán cumplir os seguintes requisitos:
  - a) Atoparse empadroados no Concello de Porto do Son.
  - b) Con carácter xeral, estar matriculados para cursar estudos en centros de ensino oficiais no ano escolar correspondente ao da convocatoria das axudas.
  - c) Non superar o seguinte nivel de renda: 600 € /mes
  - d) Non percibir ningunha outra axuda para o mesmo fin.
  - e) Non ter pendentes de xustificación, unha vez rematado o prazo para iso, outras axudas ou subvencións outorgadas polo Concello de Porto do Son.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaya s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

3) Os beneficiarios das axudas terán as seguintes obrigas:


- a) Realizar a actividade que constitúe o obxecto da subvención.
- b) Someterse á actividade de control do concello destinada a comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello nas ditas actuacións.
- c) Atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- d) Comunicar ante o concello unha modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.
- e) As restantes previstas na normativa reguladora de subvencións.

## 6. Solicituds

1) As solicitudes para o outorgamento das axudas reguladas nesta ordenanza formalizaranse no modelo normalizado que se recolle no Anexo 1 desta convocatoria. Coa solicitude xuntarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia cotexada do DNI/NIE do solicitante.
- b) Fotocopia cotexada do libro de familia na que consten todos os seus membros.
- c) Fotocopia cotexada da matrícula oficial de estudos ou certificado de matrícula expedido polo centro educativo correspondente ao curso escolar que corresponda.
- d) Fotocopia cotexada da última declaración da renda ou certificado de imputación de rendas de Facenda integrantes da unidade familiar. Para estes efectos, entenderase por unidade familiar o núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de 21 anos que convivan con eles no mesmo domicilio. Esta idade ampliarase ata os 25 anos mentres que se realicen estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo. Incluiranse os estudios realizados en centros educativos públicos ou privados, sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico.
- e) Fotocopia cotexada doutros xustificantes de ingresos económicos, no seu caso.
- f) Declaración responsable de non percibir axudas doutras entidades polo mesmo concepto.
- g) Declaración responsable do solicitante de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- h) Certificado de titularidade dunha conta bancaria ou fotocopia cotexada da páxina da libreta de conta corrente na que figure o seu número.
- i) Adicionalmente, coas solicitudes presentadas ao abeiro da Liña "material escolar" deberán achegarse os xustificantes da realización do gasto subvencionable. Para estes efectos, deberá presentarse a factura da compra dos libros de texto e material escolar, na que deberá constar a identificación do solicitante (pai/ nai/ titor/ gardador de feito) e o detalle dos libros adquiridos, expedida cos requisitos previstos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento que regula as obrigas de facturación.

2) O prazo para a presentación de solicitudes será de un mes a partir da publicación da convocatoria.



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son ou nalgunha das forma establecida no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común, e serán asinadas pola persoa que teña a condición de beneficiario, de acordo co artigo 4.1 desta convocatoria.

## 7. Instrucción e resolución

A instrucción do procedemento corresponderalle a unha traballadora do departamento de Servizos Sociais.

A resolución de concesión compételle á Alcaldía. O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución será de tres meses contados desde a publicación da convocatoria no taboleiro de anuncios do concello. A falta de notificación no prazo indicado lexitima aos interesados para entender desestimada a súa solicitude.


As subvencións non serán obxecto de publicación, de acordo co artigo 18.3.d) da Lei xeral de subvencións.

A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor o recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Con carácter potestativo, de conformidade co artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao da notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

Porto do Son, a 11 de setembro de 2015

O alcalde



JLPO

Asdo.: José Luis Oujo Pouso



# CONCELLO DE PORTO DO SON

Rúa Atalaia s/n. 15970  
Porto do Son (A Coruña)  
CIF: P1507200B  
Tfno: 981-867412  
Fax: 981-767358

## ANEXO 1

### Solicitud.

PRAZO DE SOLICITUDE ATA O 14 DE OUTUBRO DE 2015.

domicilio na rúa \_\_\_\_\_, nº \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ e teléfono \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, titular do DNI \_\_\_\_\_ no nome \_\_\_\_\_  
de: \_\_\_\_\_

comparece e EXPÓN:

1. Que considerando que ten dereito á axuda regulada na Ordenanza reguladora do outorgamento de axudas escolares do Concello de Porto do Son correspondente a:

- Liña "Material escolar".
- Liña "Transporte escolar".

2. Aporta a documentación que segue:

- Fotocopia cotexada do D.N.I./N.I.E. do solicitante.
- Fotocopia cotexada do libro de familia, na que consten todos os membros.
- Fotocopia cotexada da matrícula oficial de estudos ou certificado de matrícula do curso escolar.
- Fotocopia cotexada da última declaración da renda ou certificado de imputación de rendas de Facenda integrantes da unidade familiar. Aos efectos da presente convocatoria, entenderase por unidade familiar o núcleo formado polo matrimonio ou parella de feito, así como os ascendentes e descendentes menores de 21 anos que convivan con eles no mesmo domicilio. Esta idade ampliarase ata os 25 anos mentres que se realicen estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo. Incluiranse os estudios realizados en centros educativos públicos ou privados, sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico.
- Fotocopia cotexada doutros xustificantes de ingresos económicos.
- Declaración responsable de non percibir axuda doutro organismo polo mesmo concepto.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social .
- Certificado de titularidade da conta bancaria ou fotocopia cotexada da páxina da libreta da conta corrente do solicitante na que figure o número da mesma.
- Só para a liña "Material escolar": factura dos libros a nome do pai, nai ou titor, ou tique dos libros cos requisitos establecidos no RD 1619/2012, do 30 de novembro. **En todo caso, deberá facer constar o nome do solicitante da axuda, así como o detalle dos libros.**

En virtude de todo o cal SOLICITA:

A percepción de axuda que lle corresponda.

Porto do Son, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015

Asdo:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON